



Confederación Intersindical Galega

BBVA

Mal comezo

CIG-BBVA, sindicato máis representativo no ámbito galego da empresa, ven de ser convocado para participar en Madrid, o martes 19 de novembro, nunha xuntanza que pretende abrir o proceso de negociación do novo modelo.

Mal comezo. Filtracións á prensa, por unha banda e, por outro lado, inicio do proceso piloto en oficinas de Madrid, Terrassa, Bilbao e Alcazar de San Xoan (Galicia contará próximamente con dúas). Todo, sen convocar á representación sindical dos traballadores; sen informar os sindicatos que, supostamente, debemos negociar a modificación das condicións laborais fixadas en Convenio colectivo que posibiliten a implantación do "novo modelo" de Servizos Financeiros Persoais que afectará a máis de 450 centros de traballo. Agora, chamán-nos.



O modelo de "Banca Martini"

Na banca comercial todo, ou casi todo, está probado. O modelo de relacións orientado ó cliente é, mesmo, unha demanda que reiteradamente clamamos dende posicións sindicais, fartos de ver como a obsesión pola estratexia de "productos" está a fulminar o principal activo do negocio, as persoas que toman decisións racionais e prácticas. ¿ Camiñamos cara unha xestión baseada na relación co cliente "onde estés e á hora que ti queiras", con disposición á xornada ampliada nun horario aberto e sen fin?. Cara o modelo da "Banca Martini", da que outros veñen de volta. Verémolo.

Sábado

CIG-BBVA mantivo como criterio, na pasada negociación sobre fórmulas para homoxeinizar os diferentes horarios e xornada laboral para o cadro de persoal resultante da fusión de BBV e Argentaria, que **"debería establecerse un prodedimento de compensación monetario para casos nos que voluntariamente se optase por traballar excepcionalmente debido á necesidade producida nas oficinas"** (do mesmo xeito que viña actuando o persoal procedente de Caixa Postal). A empresa e outros sindicatos, contrariamente, descartaron esta posibilidade. Finalmente, o resultado foi a simple "compra" do dereito horario de parte do persoal, igualando así a xornada diaria, máis non homologando o traballo en sábado que, aínda, mantén unha evidente situación discriminatoria toda vez que resulta diferente para os colectivos de procedencia. Esta situación agrávase na práctica laboral dado que en moitos casos "aparecen" situacións que levan a impedir o correcto disfrute para unha parte de compañeiros e compañeiras que deben "librar"; eso sí, compensado por outro día que vai por conta do esforzo adicional que repercute no resto dos traballadores. A UTRH ten impartido instrucións para posibilitar que se cumpra o acordado. De cada un nós depende que se respecte o dereito á libranza.